



FONDOS MICE-MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO MUSEO DO POBO GALEGO

Ainielle tiene memoria (Federico Llano. Aragón, 2007. 42' V.O Castelán)
O documental é unha viaxe no tempo e á memoria dos pobos abandonados do Estado español. Ainielle aínda hoxe, ocupa un lugar no mapa. En 1970 pechou a porta da súa casa o último habitante desta aldea perdida e medieval do Pirineo aragonés. Tería sido un máis dos pobos abandonados da montaña se non fora porque Julio Llamazares situou alí a acción da súa novela 'La lluvia amarilla'.

A memoria nos tempos do volfram. (Antonio Caeiro. Galicia, 2003. 55' V.O Galego. Subtítulos: Castelán). O documental reflicte como a comezos da II Guerra Mundial, un mineral fíxose preciso para o estado alemán: o volfram. Galicia convértese entón en dorado para moita xente que procuraba cartos doados de acadar ou traballo naqueles anos tan duros da posguerra española.

A Pasaxe, (Xaime López. Galicia, 2014, 60'). A *Pasaxe* é unha historia de amizade e resistencia. A de Concepción e Rosi, dúas amigas que viven no campamento xitano da Ponte Pasaxe pegado à ria do Burgo, en A Coruña.

A terceira póla. (Rubén Pardiñas. Galicia. 2006. 25' V.O Galego). Ademais do galego e do portugués, outra variedade do tronco común do galego medieval, aínda sobrevive na illa lingüística do Val de Xálima, nunha zona situada na confluencia das provincias de Salamanca e Cáceres con Portugal.
Bolivia para todos (Dirección: Emilio Cartoy/ Cristian Jure. Arxentina, 95' V.O Castelán) Documental que aborda os conflitos desatados entre os partidarios da revolución democrática e cultural encabezada polo presidente Evo Morales e os sectores que ven no novo movemento un perigo aos seus privilexios.

Belén. (Adriana Vila Guevara. Venezuela, 2016, 94'). A obra desprázase entre a creación documental, o estudio etnográfico e a experimentación fílmica, a partir de máis de 100 horas de metraje atopado pola antropóloga e cineasta Adriana Vila no seu traballo sobre Belén Palacios, coñecida en moitos países de latinoamérica como a “Reina del Quitiplá” instrumento de percusión feito de bambú de orixe africana.

Cautare (Quest) (Ionut Piturescu. Romanía, 2010, 30'. V.O.S castelán, inglés). Cautare é unha película sobre dous amigos que teñen un carromato como casa e un cabalo como amigo. Viven unha vida sinxela e nin tan sequera levan reloxo, pero aínda teñen tempo, como se di en Asia. Non encaixan en ningún dos sitios que visitan e son expertos en facer cousas inútiles para a sociedade actual.

Ciclo Combinado (Sabela Pernas Soto, Nuria Castro Prieto . Galicia, 2006, 12' V.O Galego) Análise e tratamento audiovisual da situación socioeconómica do pobo de As Pontes, antes e despois dunha revolución industrial, suscitada pola implantación dunha central térmica acompañada dunha mina de carbón a ceo aberto.

Curupira, bicho do Mato. (Félix Blume. Francia/México/ Brasil, 2018, 35'). Obra con sensibilidade etnográfica, polifónica, que ten o son como eixo narrativo e a natureza como un axente máis dentro do filme nun intento deliberado de non xerarquizasentidos e cunha gran depuración técnica para falarnos da lenda deste bicho da Amazonia e do lugar dos mitos no mundo contemporáneo.

Da Regueifa ao Rap (Helena Villares Gallardo, Pilar Pérez Faxil. Galicia, 2006, 50' V. O Galego) Documental sobre a historia e evolución da regueifas na cultura popular galega, así como o emerxente mundo do rap e o Hip hop no panorama musical galego dos últimos anos.

Em companhia da morte (Vanessa Vilaverde, João Aveledo e Eduardo Maragoto. Galicia, 2011, 29'. V.O Portugués. Subtítulos: castelán, inglés, portugués). Rodado en Castro Laboreiro (Serra da Peneda, Portugal), o filme explora a relación que se establece entre dous elementos que forman parte indisoluble do proceso vital da existencia e natureza humanas: a vida e a morte a través de historias inquietantes que se desenvolven nas aldeas da montaña, afastadas das sociedades actuais, con figuras míticas como o Acompanhamento ou a Estântega (Santa Compañía).

En todas as mans (Diana Toucedo. Galicia, 2015, 100'). Os montes veciñais son un patrimonio silente en Galicia, un patrimonio que durante séculos configurou as relacións humanas coa natureza. En todas as mans achégase a varias comunidades buscando historias persoais que mobilizan e crean proxectos á marxe da norma, cunha repercusión social, política, económica, medioambiental e cultural sen comparación en Galicia. Mulleres e homes cunha forte implicación na loita pola autoxestión do monte.

Entrar aos Vilares. (Antonio González, Xacobe González e Cibrán Tenreiro) Galicia, 2016, 55') O filme adéntrase na parroquia desde unha visión subxectiva e inocente, mesmo experimental, desde a ollada de tres rapaces da primeira xeneración que non naceu na aldea e que se achegan a ela para facer un audiovisual de encargo.

Entre Lobos. (Adrien Camus, Francia, 2018, 53') filme que pon os medios audiovisuais ao servizo das fins antropolóxicas mostrando as contradicións da cultura Mapuche contemporánea nun contexto de éxodo rural, racismo institucional e demandas desantendidas.

El divino Rostro (Manuel Moreno, David Luke Robichaux Haydel e Jorge Antonio Martínez Galván. México, 2016, 40'). Nun dos "Santiagos", unha

danza de moros e cristiáns que se representa nas rexións de Texcoco e Teotihuacán, o personaxe de Santiago porta unha “máscara” realista coñecida como o “Divino Rostro”. Segundo as distintas versións, esta imaxe representa a Santiago de Galicia, Santiago de Compostela o ateo mesmo Xesucristo. Para a poboación destas non se trata dunha máscara senón dun obxecto sagrado, con cualidades similares ás das imaxes relixiosas que se atopan nas igrexas.

Esquece Monelos (Ángeles Huerta, Galicia 2016, 76’). O filme válese da desaparición do río Monelos baixo a cidade da Coruña para reflexionar sobre como se perde a memoria dos lugares e das súas xentes.

Fronteiras (Rubén Pardiñas . Galicia, 2007, 58’ V.O Galego. Subtítulos: Castelán) A que comunidade política e cultural pertencen as rexións fronteirizas? Todo o mundo opina. Desde as polémicas rifas entre historiadores, filólogos e políticos, até as posturas máis desdramatizadoras dos propios habitantes destas zonas. Un achegamento á construción das identidades colectivas a través das comarcas estremeiras de Galicia en Asturias, León, Zamora e Portugal.

Grab and Run. (Roser Corella, Alemaña/España. 2017, 85’). Desde que Kirguistán obtivo a súa independencia en 1991, rexurdiu la práctica coñecida popularmente como Ala-kachuu, que podería traducirse como “atrápaa e corre”. Máis da metade das mulleres de Kirguistán están casadas cos homes que as secuestraron.

Hombres de Arena (Joaquín Cortés Peteiro. Venezuela, 2010, 24’. V.O Castelán) Ollada poética e carente de diálogo da vida dos areeiros do chan venezolano, que se mergullan nas augas para extraer de forma artesanal este material utilizado principalmente na construción. Hombres de Arena é unha proposta documental de descubrimento que se desenvolve coa intención de que o espectador tire as súas propias conclusións sobre este estilo de vida.

Hora Silenciosa. (Noelia Muíño. Galicia, 2018, 14’). Trama de silencio, ritualidade e sociabilidade nunha comunidade relixiosa de clausura, unha forma de vida que está en progresiva desaparición.

La aventura Garífuna (Patricia Ferreira, 2006, 56’ V.O Castelán) Rodada en Honduras e Belice, é un percorrido poa música e historia dos garífunas da costa do Caribe. O filme recolle imaxes, encontros entre vellos cantantes de parranda e vivencias cotiás que mostran a tradición da etnia garífuna.

La nuit éclaire la nuit. (Lo Thivolle. Francia, 2017, 72’). Este docuensaio do antropólogo e realizador Lo Thivolle xira ao redor da decisión dun antigo compañeiro de facultade do director de habitar nas márxes da sociedade.

Los pastores del bosque flotante (Salvador Castillejos, José Carlos Díaz. Valencia, 2007. 60’ V.O Castelán) O documental trata do transporte da madeira polos ríos de España, como a dos gancheros do Alto Tajo, destacando aspectos medioambientais, etnográficos, históricos e sociais. É narrado en

primeira persoa polos traballadores do río: gancheros castellanos, pineros andaluces e maderers valencianos.

Linguas cruzadas. (María Yáñez e Mónica Ares. Galicia, 2007, 50' V.O Galego). Linguas Cruzadas, trata sobre a situación do galego entre a mocidade pero no que é a mocidade galega a que fala. Existen os estereotipos que marcan os falantes de galego ou de castelán? Existe conflito por culpa da lingua? Que lle falta ao galego para estar normalizado? Que futuro lle espera? Linguas cruzadas é un documental que afonda na cuestión sociolingüística a través da xente nova, da primeira xeración da historia que tivo o galego como lingua oficial. Co convencemento de que as experiencias e opinións desta xeración son clave para entender o estado actual da lingua e os retos para o futuro, o documental recolle as opinións de máis de 35 persoas, centrándonos en 5 personaxes que representan outros tantos paradigmas de falantes na mocidade actual.

Mulleres da Raia. (Diana Gonçalves. Galicia/Portugal, 2009, 42'). Unha viaxe ás fronteiras do norte de Portugal e Galicia transpórtanos ao noso pasado máis recente. O contrabando local e a emigración clandestina eran prácticas habituais nestas terras, aproveitando a proximidade do país veciño. A Raia, como popularmente é coñecida a fronteira, garda unha historia de loita diaria pola supervivencia e as súas mulleres son testemuñas e protagonistas.

Nimble Fingers (Parsifal Reparato. Italia/Vietnam, 2019, 52'). Retrato das condicións e vicisitudes do traballo feminino en Vietnam, e a través do cotiá accede aos aspectos subxacentes das transformacións socioeconómicas da globalización.

Noticias (Bettina Perut e Iván Osnovikoff. Chile. 2009, 80') Filme observacional que se apropia do formato fragmentado de informativos televisivos para mostrar dun xeito cinematográfico a crueza desa mesma realidade e os mecanismos cos que se constrúen as verdades cotiás colectivas. Un filme crítico e cru onde o que interesa non son os titulares senón o que oscila ao seu redor.

Os días afogados. (Luis Avilés Baquero e César Souto Vilanova. Galicia, 2015, 87'). En 1992, a construción do embalse de Lindoso (Portugal) anegou para sempre as aldeas de Aceredo e Buscalque (Ourense). Sabendo que todo estaba a piques de se perder, algunhas persoas da veciñanza colleron as súas cámaras domésticas e comezaron gravar. As súas imaxes, filmadas desde mediados dos anos 60, constitúen un valioso documento histórico e etnográfico, filtrado pola subxectividade e as vivencias familiares.

O ruído e o silencio. (Antonio Caeiro Galicia. 2010, 40'). Na Semana Santa de Andorra (Teruel) toda a vila sae á rúa a tocar os tambores. Os veciños que participan, non todos o fan por motivos relixiosos, e nesta obra óllase o

fenómeno tanto do punto de vista dos que profesan fe como dos que viven a Semana Santa como un evento máis social. Un lamento sonoro de morte e resurrección para uns e unha tradición sen crenzas para outros. Un sinal de identidade como pobo, en calquera caso. O ruído xúntase co silencio de procesións, imaxes e cofrades, co recendo da primavera.

Os fillos da vide. (Ana Domínguez. Galicia, 2017, 69'). Retornando ás súas raíces, Ana Domínguez introdúcese nunha viaxe a través dos ciclos da vida e das estacións: os viñedos, a vendima e o viño. Os ritos, os ritmos da natureza e as tradicións debuxan esta mirada na que a observación e a emoción fúndense nunha revelación sobre a relación de bacanais e festas populares galegas, explosións de fertilidade e de vida.

Pacios. As fotos da Memoria (Manuel Darriba. Galicia, 2011, 66'. V.O Galego) A experiencia do fotógrafo sarriao Antonio López Losada (Toño do Xarope) retratando a veciñanza do lugar de Pacios (O Incio) cunha cámara de placas antiga. Neste proxecto, Toño reencóntrase coas súas raíces a través da linguaxe da arte ao tempo que deixa testemuño da paisaxe humana dun lugar que parece condenado ao despoboamento.

Palmira. (Diana Gonçalves. Galicia/Portugal, 2017, 30'). Palmira foi unha das protagonistas do primeiro documental de Diana Gonçalves, "Mulleres da Raia". Un corpo canso mais resistente. E do outro lado da cámara, a tentativa de atopar ese íntre fugaz que nos revela algo máis da vida. A construción dun retrato a partir do encontro ao longo dos anos entre unha muller centenaria e unha aprendiz documentalista.

París#1 (Óliver Laxe. Galicia, 2008, 30') Un dos filmes fundacionais do denominado Novo Cinema Galego, esta mediometraxe rodada nos Ancares, atende tanto á paisaxe como á paisanaxe. Un grupo de amigos deixanse fascinar polas dinámicas que, a eles, descendentes deste mundo pero criados alonxe del, resúltanlle tan propias como alleas.

Pic-nic (Eloy Enciso. Galicia, 2007, 78') Cada amencer, os protagonistas deste documental lánzanse á conquista dunha quimera de sol e descanso. Desenfundando antucas no canto de pistolas, tirando de hamacas no canto de cabalos e alforxas, estas persoas representan unha peculiar versión do afastado Oeste, na que cada centímetro de praia e minuto contan.

Praia de Monte Gordo. (Oscar Clemente e SofíaTrincão. Portugal, 2006, 30' V.O Portugués. Subtítulos: Inglés, castelán). A vida cotián na praia de Monte Gordo contada polos seus protagonistas, unha comunidade mariñeira sometida aos cambios provocados polo turismo e a pesca industrial.

Por que non cantades todas (Diana Toucedo. Galicia, 2014, 30'). Este documental amósanos a relación coa música dun grupo de mulleres do lugar de Zobra na serra do Candán, Galicia. A música como memoria, experiencia e convivio. A música coma ponte entre dúas realidades, o pasado e o presente.

Recordando los rostros de la muerte (Lois Patiño. Galicia, 2010, 38') A partir de gravacións familiares e doutras realizadas en viaxes por diferentes países, constrúese unha visión poética e respectuosa da perda das lembranzas e da identidade no último momento da vida.

Romis Calis (Carla Alonso. Cataluña, 2004, 28' V.O Castelán) La chica e Marisol son dúas mulleres que non se coñecen. Do encontro prolongado de ambas xurdirá un discurso no que elas mesmas analizarán a situación da muller xitana actual.

Ser e Voltar . (Xacio Baño . Galicia, 2014, 13'). Un mozo cineasta pasa un fin de semana na casa dos seus avós para facerlles un vídeo retrato.

Stockroom (Sol Mussa, 2018, 11') A curtametraxe, que mestura imaxes tratadas de maneira experimental, retrata as dificultades das traballadoras dun almacén en Londres e as tensións sociais do colectivo migrante en Reino Unido co Brexit como telón de fondo. Unha aproximación subxectivista mais que pon en xogo unha reflexividade con momentos de gran potencia a nivel visual.

Tempo da Recolleita (Felix Blume. Galicia, 2008, 30' V.O Galego) Inda son quen era onte / Inda non perdín o brillo / ... Os versos cantados polos nosos maiores establecen pontes coas novas xeracións a través da música. Un mozo francés, neto de galegos e con experiencia en documentalismo, realiza este seguimento á xuventude do noso país que se interesa pola recollida e divulgación de cancións tradicionais.

Tchindas (Pablo García, Marc Serena. Cabo Verde / España, 2015, 94') Tchinda é unha das mulleres máis queridas, especialmente desde 1988, cando saíu do armario nun semanario local. O seu nome converteuse nun xeito de nomear as persoas trans na illa. Tchinda vive de xeito humilde vendendo as súas “coxinhas”, os populares “bolos de vento” brasileiros. ate que o ritmo da illa transfórmase coa chegada do Carnaval.

Un deserto de flores (Manuel Iglesias Nanín. Galicia 2008, 53' V.O Galego) Unha aperta, un mírame aos ollos, un comparte comigo, un déixate coller da man, un fálame que quero escoitarte, un eu tamén, un acaríñame, un sorriso, un desacougo, unha necesidade e un non sei que... que queima!! Iso é Un Deserto de Flores. Na zona máis dura do deserto do Sahara, na Hamada, onde o infinito non te deixa nin respirar, os campamentos de refuxiados e refuxiadas saharuís tinguen de cor o desencanto.

Vikingland (Xurxo Chirro. Galicia. 2011, 99'. V.O Galego. Subtítulos: galego, castelán, inglés, francés.) Proven das gravacións persoais do mariñeiro Luis Lomba “o Haia”, compañeiro do pai de Xurxo Chirro, realizadas entre outubro de 1993 e marzo de 1994 en Dinamarca e Alemaña. Chirro monta este material cunha estrutura narrativa en capítulos que lle dá un novo sentido ás sorprendentes imaxes tomadas polo “Haia”. O resultado desta “apropiación”

de material alleo é un discurso fresco sobre a condición da mirada, o efecto da representación e as consecuencias do metarrelato. Un proxecto audiovisual distinto e singular a través do cal o público experimenta en que consiste a vida dun mariñeiro.

PEZAS MICE Museo do Pobo Galego

[Canle MICE mpg en Vimeo](#)

OUTROS FONDOS Museo do Pobo Galego

O carro e o Home/ El Hombre y el Carro. (Coa dirección de Antonio Román e idea e guiión de Xaquín Lorenzo). Rodada en 1940. Sonorizada en 1945 e volta a sonorizar en 1980. 12’).

En 1940 o cineasta ourensán Antonio Román realizaba o filme *El hombre y el carro* con guiión e produción de Xaquín Lorenzo e montaxe de Carlos Serrano de Osma. A película é un relato lineal da vida do carro acompasado este á vida das persoas que usan del guiándonos por diferentes angueiras nas que se ocupan as xentes da aldea. Un copión do filme aparecido no Museo Arqueolóxico de Ourense e conservado logo no Museo do Pobo Galego serviu para que en 1980 e coa colaboración desta entidade que ten os dereitos das obra intelectual de Xaquín Lorenzo, Eloi Lozano montara unha nova versión do documental cunha locución do propio Xocas. Esta segunda versión é *O carro e o home*.

Talleres Alonarti Sociedad La Artística. (José Gil, Galicia, 1928, 34’) O fotógrafo e documentalista José Gil realiza este encargo para os Talleres Alonarti en Vigo, no que queda recollido todo o proceso industrial de traballo con metais para a fabricación de envases. Documento valioso da época, o filme ábrese cunhas panorámicas da cidade olívica polos distintos barrios, para situar a empresa, que nos permiten ver como era a localidade nesa altura. Filme restaurado en colaboración co CGAI en 2001 co gallo da exposición internacional “Vivir no Atlántico Norte”.

A Romería da Morte. (Alberto Estevez Piña. Galicia, 1974, 29’).Unha das romarías da morte que se fan en Galicia ten lugar en Santa Marta de Ribarteme. A coexistencia do atavismo da romaría co aceptable desenvolvemento económico, constitúe un paradoxo que se fai máis fondo ao ter en conta a fronteira portuguesa.

Argazo. (Xurxo Chirro. Galicia, 2006. 26’. V.O Galego). Unha homenaxe ás mulleres e ao espírito de supervivencia da xente do mar.

